

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**6165** *Real decreto 293/2009, do 6 de marzo, polo que se aproban as medidas de protección da maternidade no ámbito do ensino nas Forzas Armadas.*

O artigo 6 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que a igualdade de trato e oportunidades se aplicará de conformidade co previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que estará especialmente presente no seu desenvolvemento e aplicación no relacionado co acceso, a formación e a carreira militar. A igualdade de trato e de oportunidades configúrase como un principio informador transversal no desenvolvemento normativo e nas actuacións relacionadas co ensino militar.

O obxecto deste real decreto é precisamente establecer as medidas a que se poderán acoller as alumnas do ensino de formación e as militares profesionais cando por razóns derivadas do seu estado de embarazo, parto ou posparto, non poidan desenvolver en condicións de igualdade os cursos no ámbito do ensino nas Forzas Armadas.

Neste sentido, no marco do ensino, o artigo 72 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, estipula que regulamentariamente se deberá establecer a forma en que se lles facilitarán ás mulleres novas oportunidades para asistir aos cursos de perfeccionamento e altos estudos da defensa nacional, cando por situacións de embarazo, parto ou posparto non poidan concorrer á convocatoria.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece un mandato claro a todos os poderes públicos de remoción de situacións de desigualdade. Igualmente, conceptúa como discriminación directa por razón de sexo, todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade. Así mesmo, o artigo 14 prevé como un dos criterios xerais de actuación dos poderes públicos o de protexer a maternidade, con especial asunción pola sociedade dos efectos derivados do embarazo, parto e lactación, establecendo no artigo 51 como primeiro dos criterios de actuación das administracións públicas, o de remover os obstáculos que impliquen a pervivencia de calquera tipo de discriminación, co fin de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego público e no desenvolvemento da carreira profesional.

Finalmente, o artigo 65 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, reforza o compromiso das Forzas Armadas neste ámbito ao afirmar que as normas reguladoras do réxime de persoal das Forzas Armadas procurarán a efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes, especialmente no referente ao réxime de acceso, formación, ascensos, destinos e situacións administrativas, polo que este real decreto amplía o seu ámbito de aplicación ás alumnas que se encontren cursando plans de estudos do ensino de formación, trasladando a forma en que as aspirantes a ingresar nun centro docente militar de formación deberán realizar as probas de selección, se están condicionadas por embarazo, parto ou posparto, á normativa regulamentaria específica onde se regulen as condicións de ingreso.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de marzo de 2009,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é o de establecer as medidas a que se poderán acoller as alumnas do ensino de formación e as militares profesionais alumnas cando, por razóns derivadas do seu estado de embarazo, parto ou posparto non poidan desenvolver en condicións de igualdade os cursos a que se refire o ámbito de aplicación deste real decreto.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación aos cursos do ensino de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, así como aos procesos selectivos previos que, de ser o caso, sexa necesario superar para acceder a eles.

2. Tamén será de aplicación aos cursos que sexan desenvolvemento de plans de estudos do ensino de formación.

Artigo 3. *Medidas xerais.*

1. No ámbito do ensino de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional.

a) Con carácter xeral, cando por razón de embarazo, parto ou posparto, a militar profesional non poida realizar as probas de selección previas, ou se vexa imposibilitada a asistir ao curso tras ser designada alumna, terá dereito:

1.º Á reserva de praza na seguinte convocatoria do mesmo curso. No suposto de persistir a mesma situación, poderá exercer o dereito de reserva nunha segunda e última convocatoria.

2.º Á exención dos requisitos de idade, no suposto de que figuren na seguinte convocatoria.

3.º Á exención de acreditar unha titulación distinta á requirida na convocatoria inicial.

4.º A que non se lle contabilice a convocatoria como consumida.

5.º No suposto en que para ser designada alumna tivese que superar probas de selección previas, a militar profesional quedará exenta de volver realizar, excepto se estas fosen probas médicas ou físicas cuxa valoración fose determinante no proceso selectivo correspondente.

b) Se por motivos derivados da situación de embarazo, parto ou posparto, a militar profesional causase baixa do curso por superar o número de faltas establecido na normativa que o regula ou na convocatoria correspondente, no seguinte curso que realice conforme o indicado no número 1.a).1.º deste artigo, quedará exenta de volver cursar os módulos, as materias ou disciplinas xa superados.

Con independencia do disposto no parágrafo anterior, cando se trate de módulos, materias ou disciplinas en que se valore a condición física, habilidade ou destreza para desenvolver unha determinada actividade, a convocatoria ou, de ser o caso, os correspondentes plans de estudos deberán determinar se se lle pode aplicar a exención referida.

2. No ámbito do ensino de formación.

Durante o ensino de formación, a alumna en situación de embarazo, parto ou posparto, terá dereito a:

a) Non causar baixa no centro docente militar de formación correspondente nin por insuficiencia de condicións psicofísicas nin por non superar, dentro dos prazos establecidos, as probas previstas nos plans de estudo.

b) Poder fixar a súa residencia fóra do centro.

c) Que non se lle computen como consumidas as probas ou convocatorias, ordinarias e extraordinarias, a que non puidese comparecer por motivo da súa situación.

d) Se por razón de embarazo, parto ou posparto, a alumna se vise obrigada a repetir algún curso académico, quedará exenta de volver cursar os módulos, materias ou disciplinas xa superados, agás se estas fosen probas médicas ou físicas cuxa valoración fose determinante no curso correspondente ou se no plan de estudos se determinase a asistencia obrigatoria a algunha delas.

#### Artigo 4. *Medidas particulares.*

Atendendo á estrutura, duración e carga lectiva do curso, no plan de estudos ou, no seu defecto, na convocatoria correspondente, adecuarase o recoñecemento, na medida do posible, dos seguintes dereitos, ás alumnas e militares profesionais alumnas que, por motivos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto, non puidesen asistir ou causasen baixa nalgún curso do ensino nas Forzas Armadas:

a) Módulos, materias ou disciplinas cuxa superación presencial se pode suplir por medio do ensino a distancia.

b) Posibilidade de superar as probas en datas alternativas, pero sempre antes da finalización do curso.

c) Determinación dos módulos, materias ou disciplinas cuxa superación de forma individualizada exime a alumna da súa posterior repetición.

d) Adaptación do réxime de vacacións, permisos e licenzas co fin de garantir a compatibilidade entre a súa situación e o réxime docente.

#### Artigo 5. *Acreditación da situación.*

Para se poder acoller ás medidas xerais que se determinan neste real decreto e ás particulares que puidesen figurar na correspondente convocatoria, a militar profesional e a alumna do ensino de formación deberán acreditar ante o órgano que determine a convocatoria do curso ou, de ser o caso, ante o director do centro docente militar correspondente, mediante a oportuna certificación médica oficial, a limitación para o realizar ou para efectuar as probas de selección previas.

#### Artigo 6. *Contido específico das convocatorias.*

Nas convocatorias aos cursos no ámbito do ensino nas Forzas Armadas disporase dun punto específico coa epígrafe «Protección da maternidade», onde se indicarán, expresamente, as medidas xerais e particulares de actuación aplicables, axustadas ao disposto neste real decreto.

#### Disposición adicional única. *Cursos de adaptación.*

Ás militares que sexan nomeadas alumnas dos cursos de adaptación que se convoquen como consecuencia do desenvolvemento e aplicación da Orde ministerial 54/2008, do 29 de maio, pola que se regula o curso de adaptación para a incorporación á escala de oficiais, seralles de aplicación o disposto para as militares profesionais neste real decreto.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,  
CARME CHACÓN PIQUERAS